

1923  2023

REAL CLUB CELTA

DOSSIER CAMPAÑA DE ABONADOS

PÁX. 2 **CONDICIÓN XERAIS**

PÁX. 10 **CARNÉ AMIGO**

PÁX. 11 **FORMAS DE PAGO E DESCONTOS**

PÁX. 13 **CAMBIO DE ASENTO OU BANCADA**

PÁX. 14 **NOVAS ALTAS**

PÁX. 14 **CONTACTO**

Realiza todos os trámites en
rccelta.es/abonados



//ABANCA



Condicións xerais

Que beneficios ofréceme ser abonado do RC Celta?

O ano do Centenario vai ser un momento único na historia e non hai forma de estar máis preto do equipo e de todas estas celebracións que sendo abonado.

1923  2023



AS PRINCIPAIS VANTAGES

- Welcome pack con carné e bandeira do RC Celta
- Acceso aos partidos como local do RC Celta
- Acceso aos partidos como local da Celta Fortuna
- Acceso aos partidos como local do Celta C – Gran Peña
- Acceso aos partidos como local do Celta Zorka Recalvi
- Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta*
- Prioridade de acceso de entradas para partidos como visitante
- Prezo especial nas camisetas do Centenario durante a campaña* *

* Non inclúe Casual Adidas.

* * Facilitarase un código ao final do proceso de renovación en liña cun cupón para troco mediante a tenda en liña. Prezo especial, só abonados: 71,95€ (15% de desconto xa aplicado no prezo). Cupón válido hasta el 02/08.

Condicións xerais

AS PRINCIPAIS NOVIDADES

Mantemos os prezos por sexta tempada consecutiva.*

Con motivo desta tempada tan especial como é a do Centenario, **elimínase a cota de alta** para novos abonados.

A Bancada Seareiros pasa a situarse en Marcador Baixo.

Mantense o pago a prazos con domiciliación en 4 cotas.

Prezo especial da camiseta do Centenario só para abonados: hai que tela.**

* Agás os da nova bancada.
** Código de desconto válido ata o 02/08/2023.

Canto custa o meu abono esta tempada?

	ADULTO	MAIORES 65	SUB 30	SUB 25	SUB 15	INFANTIL	MIUDIÑOS
TRIBUNA ALTA CENTRAL	693 €	437 €	554 €	463 €	188 €	50 €	GRATIS
TRIBUNA ALTA ÁREA							
TRIBUNA BAIXA CENTRAL	512 €	327 €	301 €	199 €	140 €	50 €	GRATIS
TRIBUNA BAIXA ÁREA							
RÍO BAIXO CENTRAL	512 €	327 €	301 €	199 €	140 €	50 €	GRATIS
RÍO BAIXO ÁREA							
RÍO ALTO CENTRAL	460 €	292 €	269 €	193 €	134 €	50 €	GRATIS
RÍO ALTO ÁREA							
GOL	320 €	222 €	206 €	151 €	101 €	50 €	GRATIS
MARCADOR ALTO	345 €	224 €	207 €	155 €	104 €	50 €	GRATIS
MARCADOR BAIXO BANCADA SEAREIROS	250 €			140 €			

Condicións xerais

A que categoría pertenzo?

- Maior de 65: Nados antes de 01/08/1958
- Adulto: Nados entre 31/07/1958 e 01/08/1992
- Sub 30: Nados entre 31/07/1992 e 01/08/1997
- Sub 25: Nados entre 31/07/1997 e 01/08/2007
- Sub 15: Nados entre 31/07/2007 e 01/08/2015
- Infantil: Nados entre o 31/07/2015 e 01/08/2018
- Miudiños: Nados a partir do 31/07/2018

Onde debo tramitar a miña renovación?

Podes tramitar a túa renovación a través do Portal de Abonados de maneira en liña, do mesmo xeito que o resto de trámites de abonados necesarios no teu día a día co club.

abonados.rccelta.es

Como xa saberás, nesta plataforma podes realizar a renovación do teu abono, actualizar os teus datos persoais, solicitar cambios de asento, comprar entradas de visitante para os partidos fóra da casa, etc.

Se tes máis de 65 anos, ou es unha persoa con diversidade funcional, o RC Celta tamén che ofrece a posibilidade de realizar a túa renovación de forma presencial nos despachos de entradas de Abanca Balaídos.

Condicións xerais

Cando podo renovar o meu abono?

As datas claves da próxima campaña de renovación son as seguintes:

ABONADOS RÍO, TRIBUNA E GOL

Desde o martes **11/07** e ata o martes **18/07** inclusive:

- Renovación a través da plataforma en liña coa forma de pago elixida.
- Renovación con petición de cambio de asento ou de bancada a través da plataforma en liña (individual ou en grupo).

Desde o xoves **20/07** e ata o mércores **26/07** inclusive:

- Atención aos cambios solicitados de asento ou de bancada, en función da dispoñibilidade e adxudicación de butacas definitivas. O club poñerase en contacto exclusivamente con todos aqueles que o solicitaran no período anteriormente descrito.

ABONADOS MARCADOR

Esta tempada, os abonados recolocados noutras zonas e que procedían da antiga Bancada de Marcador, volverán de forma preferente á nova zona de Marcador Alto.

En primeiro lugar, os abonados deberán realizar a renovación con normalidade, é dicir, a través do Portal de Abonados desde o martes **11/07** ao martes **18/07** inclusive. A butaca que atopará para renovar, non será a definitiva, aínda que xa se atopará situada en Marcador Alto.

Antes de asignarlles unha butaca definitiva para a tempada 23/24 e co obxecto de que os abonados poidan coñecer a nova bancada, familiarizarse con ela, vivir un partido e ver as súas preferencias, o club asignará unha localización temporal aos abonados de

Marcador en Marcador Alto, respectando os grupos familiares que xa tiñan anteriormente na devandita bancada.

Esta recolocación temporal será válida unicamente para os dous primeiros partidos de LaLiga en casa contra Osasuna e Real Madrid. O club enviará un e-mail coas entradas correspondentes a esta localización temporal uns días antes de ambos encontros.

Unha vez pasados estes dous primeiros partidos, o club poñerase en contacto cos abonados de Marcador Alto para asignarlles as butacas de maneira definitiva para o resto da tempada e emitir o seu carné definitivo. No caso de que os abonados de Marcador queiran situarse noutra zona distinta a Marcador Alto, deberán indicalo no proceso de renovación.

MARCADOR BAIXO

O primeiro paso cara a unha nova bancada que anime sen parar, vendo o fútbol de pé, deuse no vital último encontro fronte ao Barcelona no peche da tempada 2022/23.

Marcador Baixo é o pulmón de Abanca Balaídos, a bancada onde se pasa **90 minutos de pé**, animando sen parar. A única bancada feita para non estar sentado. Aqueles abonados que estaban en Bancada Seareiros, serán trasladados a Marcador Baixo.

Non teredes que realizar ningún trámite excepcional, simplemente entrar no Portal de Abonados e solicitar a renovación. Adxudicarásevos unha butaca na nova bancada onde se gozará dos partidos de pé en calquera sitio da mesma.

Condicións xerais

Como debo tramitar a miña renovación?

A renovación do teu abono será 100% vía en liña ou desde teu móbil, tablet ou PC.

Como xa saberás, para acceder ao Portal de Abonados (abonados.rccelta.es) debes introducir o teu ID de Abonado e PIN.

O teu ID de Abonado poderalo atopar no dorso do teu abono da tempada 2022/2023. O código PIN son as últimas catro cifras do teu DNI. En caso de non ter DNI rexistrado (menores de idade, por exemplo) o código PIN será 1111.



Se tes algunha incidencia co teu PIN contacta coa Oficina de Abonados (986 213 230 ou 986 213 234).

Condicións xerais

Se esta tempada teño que cambiar o meu abono por un de diversidade funcional, que teño que facer?

O club pon ao dispor abonos cun desconto do 25% para aquelas persoas cun grao de diversidade funcional superior ao 65%. No caso de necesitar acompañante, o club estudará a solicitude para xestionar o abono para o mesmo.

Para solicitar o desconto por diversidade funcional, antes de realizar a túa renovación, terás que poñerche en contacto coa Oficina de Abonados (986 213 230 ou 986 213 234) para que realicen o cambio.

Solicitarémosche a seguinte información:

- Copia de certificado que acredite unha discapacidade dun 65% como mínimo.
- Manifestación de que prestas o teu consentimento explícito ao tratamento dos teus datos.

Unha vez realizado o estudo, avisarémosche para que poidas acceder ao Portal de Abonados e xestionar a renovación do teu abono.

Como podo renovar os abonos do meu núcleo familiar?

Como xa saberás, a través do Portal de Abonados poderás renovar o carné doutros abonados na mesma operación, simplificando así os trámites que tes que realizar.

Condicións xerais

O meu fillo/a ten abono Miudiño. Debo realizar algún trámite?

Se o teu fillo/a cumpre 5 anos esta tempada e pasa á categoría Infantil (ata menores de 8 anos nados entre o 01/08/2018 e 31/07/2015), o club contactará co abonado adulto responsable do Miudiño para confirmar o asento que se lle asignará na bancada e a butaca na que se situará ao menor. Posteriormente, poderase tramitar a súa renovación.

Os Miudiños nados despois do 01/08/2018 manteñen o seu abono gratuito e a renovación xestiónase de forma automática, polo que non tes que realizar ningunha xestión.

Cando recibirei o meu carné da tempada 2023/2024?

Nas semanas posteriores á renovación enviarase ao teu domicilio o carné para esta tempada. Podes confirmar a dirección no Portal de Abonados.

No caso de solicitar cambio de asento, o carné entregárase unha vez realizado o cambio.

Se es abonado de Marcador Alto, terás unha localización temporal que non poderás cambiar durante os primeiros partidos en casa contra Osasuna e Real Madrid. Unha vez pasados estes dous primeiros partidos, o club poñerase en contacto contigo para asignarche a butaca de maneira definitiva para o resto da tempada e emitir o teu carné definitivo. Será neste momento no que se che emitirá o novo abono. Nas primeiras dúas xornadas como local enviaránseche dúas entradas por correo electrónico.

Carné Amigo

Se esta tempada non podo asistir a Abanca Balaídos e, por tanto, non renovarei o meu abono, que podo facer?

Se este é o teu caso, temos unha opción para ti que che permitirá seguir acumulando antigüidade e pódese solicitar por unha tempada. Desta maneira, non deberás realizar a túa renovación no Portal de Abonados, se non que terás que solicitar o Carné Amigo.

O abonado que elixa o Carné Amigo perderá a súa butaca xa que esta modalidade de carné non dá dereito a acceder aos partidos nin a outros beneficios como entradas de histórico, pero si manteñen a antigüidade e os descontos dispoñibles nas tendas oficiais e o museo RC Celta. O trámite realízase de forma presencial nos despachos de entradas.

Este ano, ao tratarse dunha tempada especial, poderán renovar o Carné Amigo todos aqueles que xa eran titulares dun a tempada pasada e que por algunha circunstancia aínda non poden volver a Abanca Balaídos. Ademais, **o custo do Carné Amigo na tempada 23/24 é de 50€ en lugar de 70€ da tempada pasada.**

Formas de pago e descontos

Como podo pagar o meu abono?

Terás dispoñible 3 modalidades de pago diferentes:

■ Con **tarxeta de crédito/débito**.

■ **Domiciliación bancaria:**

O recibo cargarase entre o 1-5 de agosto. No caso de que xa tiveses esta opción a tempada anterior e non quixeses solicitar ningún cambio, non tes que facer nada no Portal de Abonados, xa que se che cargará o recibo de forma automática no mesmo prazo indicado.

■ **Pago a prazos con domiciliación:**

- Pago fraccionado en 4 cotas (agosto, setembro, outubro e novembro): os recibos cargaranse durante os 5 primeiros días de cada mes.
- Pago fraccionado ofrécese sen intereses, pero supón un gasto de xestión do 5% do total do importe, que se abonará con tarxeta no momento de tramitar a renovación.

Formas de pago e descontos

Se teño algún desconto, como podo solicitalo?

Nesta campaña de renovación poderás gozar novamente dos descontos de accionista e familiar. No caso do de accionista, o desconto aplicarase automaticamente sobre a túa cota, polo que estará aplicado unha vez realices a renovación.

Para o desconto familiar terás que renovar na mesma operación a toda a unidade familiar e solicitar o desconto mediante un check. Unha vez compróbese que é correcto procederase á devolución.

Lembrámosche que o desconto familiar só aplícase a matrimonios con carné adulto con fillos nas categoría sub 15 e sub 25 (ata 17 anos). Queda exento de calquera desconto a categoría Infantil.

Os descontos non son acumulables entre si.

Cambios de asiento ou bancada

Como e cando podo solicitar o cambio de asiento ou bancada?

Durante o proceso de renovación do teu abono (do 11 ao 18 de xullo) poderás facer a solicitude de cambio de asiento ou de bancada.

A solicitude de cambio de asiento ou bancada tomarase en conta de forma individual ou de forma agrupada en función da túa solicitude, é dicir se cando renoves o teu abono falo de forma individual e pides cambio de asiento ou de bancada, a xestión do teu cambio farase de forma individual.

Doutra forma, se ao renovar os abonos falo de forma agrupada para o teu núcleo familiar ou de amigos, tomarase en conta a solicitude de cambio de forma agrupada daqueles membros do teu grupo que indiques no proceso.

Para dar certa prioridade aos cambios solicitados, terase en conta a media de antigüidade do grupo ou a individual en cada caso segundo como se solicitou. En caso de cambio de bancada con diferenza de prezo, recomendámosche que elixas a opción de domiciliación bancaria ou a forma de pago aprazada para pasarche o recibo correspondente co prezo final.

Unha vez pechado o período de petición de cambios de localización, avisarémosche para confirmar o cambio de localidade.

Se es abonado de Marcador Alto, terás unha localización temporal que non poderás cambiar durante os primeiros partidos en casa contra Osasuna e Real Madrid. Unha vez pasados estes dous primeiros partidos, o club poñerase en contacto contigo para asignarche a butaca de maneira definitiva para o resto da tempada e emitir o teu carné definitivo.



Novas altas

Como podo solicitar o alta para a tempada 23/24?

Xa podes deixarnos os teus datos na nosa lista de espera para solicitar o alta para a nova tempada 23/24.

Posteriormente, a partir do xoves 27/07, unha vez finalizado o período de renovación e cambios de localización, o club poñerase en contacto cos rexistrados por orde de inscrición e ata completar o aforo máximo dispoñible destinado para novas altas. Enviárase un e-mail a todos os que teñan a posibilidade de elixir unha localidade dispoñible coas instrucións para proceder á formalización do alta.

Canto custa unha nova alta?

-Este ano elimínase a cota de alta, polo que poderás consultar o prezo do abono na táboa da páxina 3.

Contacto

Se teño algunha dúbida máis onde podo dirixirme?

Para calquera dúbida ou incidencia podes poñerche en contacto a través das seguintes canles:

PRESENCIAL: Oficina de Abonados en Abanca Balaídos de 10 a 19 de luns a venres.

EMAIL: escribindo a abonados@rccelta.es

TELÉFONO: chamando ao 986 213 230 ou 986 213 234 en horario de 10 a 19 horas de luns a venres.



1923  2023

REAL CLUB CELTA

Realiza todos os trámites en
rccelta.es/abonados



//ABANCA



V3 XULLO 23